Circular Triatlón e Muller (18/11/2024).

Convocatoria III CAMPUS MULLER E TRÍATLON

Centro Galego de Tecnificación Deportiva-Pontevedra

Obxectivo: Promoción do tríatlon feminino.

Data: 13,14 e 15 de decembro de 2024

Nº Prazas: 10

Dirixido a : Deportistas maiores de idade e de calquera nivel, con licenza en vigor de Tríatlon ou que tramiten licenza temporal para o evento,

Servizos

Aloxamento en Pensión completa e actividades de adestramento e ocio dirixidas por técnicas tituladas e adaptadas a diferentes niveis.

Prezos:

Deportistas con licenza galega-	30 €
Deportistas Galegas con licenza de 1 día	50 €
Deportistas con licenza de outras comunidades-	75€

Inscrición e procedemento:

Ata o 5 de decembro de 2024, ás 14:00

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon **www.fegatri.org**, no apartado Competicións/inscricións
O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV

Accederase a través do apartado competicións, picando na pestana inscricións e accedendo ao evento de referencia. Unha vez que se accede ao evento picarase na ligazón INSCRICIÓN, irase á tarifa correspondente e deberanse introducir os datos solicitados.

Baixas e política de Devolucións:

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, ata o martes 10 de decembro de 2024, ás 16:00 h..

Ata o 5 de decembro devolverase a cota de inscrición íntegra a través da tarxeta de abono.

As baixas comunicadas do 6 ao 10 de decembro terán dereito á devolución do 50% da cota aboada a través da tarxeta de abono.

A partir do 11 de decembro non procederá ningunha devolución.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración do evento.

***** En caso de **cancelación** do evento **devolverase a cota de inscrición íntegra** na tarxeta de abono. Nin a Federación, nin a organización se fará cargo de ningún outro gasto que o/a deportista puidese ter realizado con motivo da súa previsión de participación no evento.

Listaxe de agarda:

Esgotadas as prazas abrirase unha lista de espera que se xestionará diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo ata o 11 de decembro.

Outra información:

- O Campus comezará o venres 13 de decembro, ás 20:00 h. e finalizará o domingo 15 de decembro ás 15:30 despois de xantar.

- As deportistas deberán acudir co material necesario para o desenvolvemento de actividades de natación, ciclismo e carreira.

Para calquera dúbida ou consulta, podes enviar un correo ao seguinte enderezo electrónico triatlonemuller@fegatri.org